

Eles eran tres Reis Magos
do Oriente todos tres.
Partiron en caravana
en dirección a Belén.

Un pouquiño de a cabalo
e outro pouquichiño a pé,
chegaron a un lugar lonxe
que nin se sabe onde é.

Helioliolé

E aquí tenemos os Tres Magos
Sen saberen que facer,
perdiñños por Teixido
á beira do mar do alén.

Como estaban moi sedentos
á fonte foron beber.

-En que fonte é que beberon?
- Na do Santo, en cal vai ser!

Helioliolé

- E que beberon os Magos?
- E que habían de beber!
Auga da fonte do Santo
que se chama Santo André.

Como a fonte ten tres ollos,
cada un co seu pichel,
os Magos axeonllados
beberon os tres á vez.

Helioliolé

A auga sóbolles tanto
que beberon outra vez,
e beberon e beberon
como nunca vir beber.

Sendo a auga milagreira
comezaron a ascender,
cal se non pesasen nada
como fume de papel.

Helioliolé

OS REIS EN SANTO ANDRÉ

De cada cano un regato,
de cada regato un rei,
de cada rei unha estrela,
de cada estrela un ronsel.

Dende aquela aqueles Magos
Cabalgan por Santo André,
Pola penumbra do ceo,
Velaí van: un, dous e tres.

Helioliolé



LETRA: Antón Cortizas

MÚSICA: Gloria Mosquera Ronsel